

MEMORIA ANO 2015

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

Rúa Ramón Cabanillas 1, entrechán
32004 Ourense
Teléfono: +(34) 988 235 946
feciga@mundo-r.com
www.cineclubes.gal

INTRODUCCIÓN

A **Federación de Cineclubes de Galicia «Feciga»** é unha asociación sociocultural independente e sen ánimo de lucro, constituída en 1984. Durante a década dos setenta producíronse varios intentos de constituír unha Federación de Cineclubes de Galicia. O máis relevante foi en 1977 cos cineclubes Padre Feijoo, Pontevedra e Valle Inclán, entre outros. Pero sería en 1983 no marco da “IX Semana de Cine do Carballiño” (I Xociviga), cando se acordou poñer as bases da asociación, que se constituirá en xullo de 1984 na “I Semana de Cine de Vilagarcía” co obxectivo de dinamizar o cineclubismo galego.

A **Federación de Cineclubes de Galicia «Feciga»** naceu da necesidade de aglutinar a tódolos cineclubes que viñan traballando no eido da cultura cinematográfica en xeral e moi particularmente na defensa e apoio do cine galego.

É importante destacar o feito de que a maior parte das asociacións profesionais e entidades relacionadas coa cinematografía galega naceron, precisamente, no marco das xornadas de cine que organizaban os cineclubes. Eran os lugares de encontro e debate dos profesionais do cine: realizadores, actores, técnicos, historiadores, críticos de cine, etc.

A «Feciga» cumpriu e cumpre unha recoñecida labor de difusión do cine galego non só a través da rede de cineclubes e das programacións a entidades públicas e privadas en Galicia, senón promovéndoa tamén en Portugal en colaboración coa Federación Portuguesa de Cineclubes.

Agrupa á práctica totalidade dos cineclubes existentes en Galicia, actúa como xestora destes, e ademais presta servizos de asesoramento e organización de proxectos a entidades oficiais e privadas; programas de proxeccións, talleres de cine, mesas de debate relacionadas co cinema, etc.

Os cineclubes son a alternativa á exhibición comercial e motores da difusión cultural propia. Actualmente son a única expresión organizada do público cinematográfico con preocupacións culturais e ese público esixente é o que pode contribuír o avance da cinematografía do noso país.

No ano 1985 crease a Comisión Luso-Galaica do Audiovisual integrada polas Federacións de cineclubes de Galicia e Portugal. Dentro dos habituais encontros cos responsables da Federación Portuguesa de Cineclubes, chegouse á conclusión, entre outras, da necesidade de crear un certame con carácter anual que sirva de proxección ás obras do cine independente e sobre todo aquelas realizadas polos xoves pertencentes ás

escolas de imaxe de Galicia e Portugal. Ao mesmo tempo, preténdese que sirva como lugar de reunión, debate e intercambio de ideas de xente con máis experiencia no eido cinematográfico e os novos realizadores, técnicos, actores, etc.. Todo elo co único fin de promover e divulgar a nosa cinematografía conscientes das verdadeiras dificultades da súa exhibición nos canles habituais.

A Federación de Cineclubes de Galicia estivo integrada na Confederación de Cineclubs del Estado Español. Na actualidade so quedan en España a Federación catalá e a galega. Tamén forma parte da Federación Internacional de Cineclubs.

ACTIVIDADES REALIZADAS

-CICLOS DE CINEMA

A Federación de Cineclubes de Galicia organiza e coordina programas para os cineclubes que a integran, financiando unha boa parte dos custos de aluguer das películas.

-SEMANAS DE CINEMA

Organizadas polos cineclubes, coa colaboración e o financiamento da Federación de Cineclubes de Galicia, teñen destacada transcendencia en cada localidade. Polo seu contido e calidade na organización, veñen acadando un gran nivel de aceptación.

-PARTICIPACIÓN EN XORNADAS DO AUDIOVISUAL

-Participación dos cineclubes que integran esta Federación nos **Encontros de Viana-Cinema e Video**, que teñen lugar en Viana do Castelo (Portugal), tódolos anos, nos primeiros días de maio.

As dúas principais seccións dos Encontros son os «*Olhares Frontais*» e o premio «*PrimeirOlhar*».

A sección «*Olhares Frontais*» consiste nun encontro entre escolas de cinema de todo o mundo, que aproveitan a presentar os seus traballos e discutir sobre as súas prácticas pedagóxicas.

O premio «*PrimeirOlhar*» está dirixido aos documentais realizados por alumnos das escolas de cinema, audiovisuais ou comunicación de Portugal e Galiza. A colaboración que hai entre os Encontros e Galiza, queda de manifesto a través do premio «*PrimeirOlhar*»/Cineclubes, concedido pola Federación Portuguesa de Cineclubes e pola **Federación de Cineclubes de Galicia ««Feciga»»**.

CINECLUBE PADRE FEIJOO

O Cineclub Padre Feijoo naceu a principios do curso 1970-71, como actividade cultural dentro da Escola de Maxisterio de Ourense, e como herdeiro da tradición cineclubista da cidade que durante os sesenta foi representada polos cineclubes Ourense e Miño. Nos setenta, contribuíu ao xurdimento e desenvolvemento das Xornadas de Cine en Ourense, que pasaron en 1978 a se denominar Xornadas do Cine das Nacionalidades, abandeirando así o nacente cinema galego entre os das outras comunidades históricas do Estado.

Durante os oitenta, e xa definitivamente separado da Escola, o Cineclub seguiu con ciclos como as Mostras Cinematográficas (oito edicións) ou, máis tarde, o titulado «Espacios Fílmicos» en colaboración co Cine Dúplex. A isto hai que engadir a organización de cursos de formación cinematográfica e conferencias, ciclos de cinema infantil, de humor, expresionismo alemán, cinema francés..., e a edición de folletos e catálogos en galego practicamente desde a súa fundación.

As proxeccións do Padre Feijoo teñen pasado por multitude de salas durante estes anos, desde cinemas comerciais até salóns de actos públicos ou privados; coa inauguración a principios dos oitenta da Casa da Cultura, o seu salón de actos foi acondicionado mediante a instalación de dous vellos proxectores de 35mm, que seguiron en funcionamento até 2004, ano até o cal foi sede para as súas sesións —coa excepción do uso, a fins dos noventa e de forma intermitente, do Teatro Principal—. Desde 2004 veñen utilizando as salas comerciais, como o Cine Dúplex, agora xa pechado, e os multicines Cinebox.

Un dos logros do Padre Feijoo foi a consecución da creación da Federación de Cineclubes de Galicia, con sede na cidade das Burgas.

O Cineclub Padre Feijoo é un dos cineclubes en activo máis antigos de Galicia.

No mes de outubro de 2013 volven a facer as súas proxeccións na Biblioteca Pública.

Ano 2015

Segue mantendo unha programación regular dun filme semanal. Dende hai un para de anos colabora co CGAI, o que permite que se poida ver a programación da citada entidade en Ourense.

Aparte dos 100 filmes proxectados (21 máis que o ano pasado), destaca o esforzo de contar coa presenza dos directores ou equipo técnico/artístico. Tamén é importe destacar as colaboracións do cineclub, para facer proxeccións ao ar libre ou noutros lugares fora dos habituais, con diversas entidades como Museo Etnolóxico de Ribadavia, Centro Checo de Madrid, Café Pop Torgal, Café cultural El Pueblo, Auriense, La plantación, Comité cidadán antisida de Ourense, Instituto francés, CGAI, Fundación Cum Laude, Biblioteca Pública de Ourense, Iltre, Colexio de médicos de Ourense, e incluso, as Concellerías de Igualdade e Termalismo do Concello de Ourense.

O número de espectadores que asistiu a ver estes 100 filmes foi de 8967, 1265 máis que o ano 2014.

Esta foi a programación:

07-01-2015- *El viaje de Chihiro*
12-01-2015- *Ciutat morta*
14-01-2015- *Magical Girl*
19-01-2015- *Confesiones de un banquero*
21-01-2015- *Dos días, una noche*
26-01-2015- *The fake*
28-01-2016- *Madre e hijo*
02-02-2015- *Un toque de violencia*
04-02-2015- *Mommy*
09-02-2015- *The grandmaster*
11-02-2015- *Winter sleep*
25-02-2015- *El amor es extraño*
04-03-2015- *Loreak*
11-03-2015- *Las vidas de Grace*
18-03-2015- *Hermosa juventud*
25-03-2015- *Leviatan*
06-04-2015- *Adeus a linguaxe*
07-04-2015- *Vinde ás cloacas*
08-04-2015- *20.000 días en la tierra*
09-04-2015- *Petey & Ginger*
13-04-2015- *Shirley: visiones de una realidad*
14-04-2015- *The clash: westway to the world*
15-04-2015- *God help the girl*
16-04-2015- *The beat is the law: fanfare for the common people*
17-04-2015- *I'm trying go break your heart*
20-04-2015- *National gallery*
21-04-2015- *The Rolling Stones: Sweet summersun from the Hyde Park*
22-04-2015- *Amanece en Edimburgo*
23-04-2015- *American interior*
24-04-2015- *Shut up and play the hits*
27-04-2015- *Cézanne + Una visita al Louvre*
29-04-2015- *Frank*
04-05-2015- *Mr. Turner*
06-05-2015- *Timbuktu*
11-05-2015- *A costa da morte*
13-05-2015- *Fuerza mayor*
14-05-2015- *El cartero y Pablo Neruda*

18-05-2015- *Coûte que coûte*
20-05-2015- *Negociador*
25-05-2015- *Mimi*
27-05-2015- *Pride*
28-05-2015- *El muerto y ser feliz* (coa presenza do director, Javier Rebollo)
01-06-2015- *Gare du nord*
03-06-2015- *Kaplan*
08-06-2015- *Policía en Israel*
10-06-2015- *La fiesta de la despedida*
15-06-2015- *La profesora de parvulario*
24-06-2015- *Pelo malo*
01-07-2015- *Le chat du rabbin*
07-07-2015- *Las margaritas*
08-07-2015- *Le tableau*
09-07-2015- *Dulce pueblecito*
14-07-2015- *Algo parecido a la felicidad*
15-07-2015- *Kiriku y la bruja*
16-07-2015- *Kolya*
05-08-2015- *Los amantes criminales*
12-08-2015- *Lily a forever*
19-08-2015- *La bella y la bestia*
26-08-2015- *Luces de la ciudad*
10-09-2015- *Reperkusion.doc* (coa presenza dun dos directores do filme, Carlos Hervella)
14-09-2015- *Jet lag + El nuevo cielo* (coa presenza da produtora e guionista, Beli Martínez)
16-09-2015- *Nightcrawel*
21-09-2015- *L'Atalante*
23-09-2015- *Blue ruin*
28-09-2015- *Banda aparte*
30-09-2015- *Maps to the stars*
05-10-2015- *Un condenado a muerte se ha escapado*
07-10-2015- *El año más violento*
14-10-2015- *Girlhood*
19-10-2015- *Van Gogh*
21-10-2015- *Aguas tranquilas*
26-10-2015- *O tesouro de Corcoesto* (coa presenza da directora, Cora Peña)
28-10-2015- *Papusza*
04-11-2015- *El país de las maravillas*
09-11-2015- *Pasolini*
12-11-2015- *"B" la película.*
28-11-2015- *Teorema*
30-11-2015- *Cerámica tango + Que difícil es ser un dios*
02-12-2015- *Coducta*

03-12-2015- Frankenstein 04155 (coa presenza do director, Aitor Rei)

09-12-2015- Los hongos

10-12-2015- Festa, traballo e pan en Grijó de Parada

14-12-2015- Galicia al día

15-12-2015- Ourense al día

16-12-2015- El club

17-12-2015- Os oleiros

19-12-2015- Camino a la escuela

CINECLUBE GROUCHO MARX

O Cineclub Groucho Marx inicia a súa andadura a principios do ano 1980. O seu obxectivo fundamental, amais da exhibición e o debate sobre o cine de calidade, é a introdución e a participación nos medios audiovisuais como soporte de gran transcendencia para a expresión e a defensa da nosa cultura a través da imaxe.

Despois de numerosas dificultades nos primeiros anos, causadas polo peche intermitente da sala de cine onde realizaba as proxeccións, pasou a converterse nunha das entidades pioneiras co desenvolvemento de proxectos de carácter experimental e nos que participaban un bo número de persoas relacionadas co mundo audiovisual galego e español.

Xa no ano 1985, crea a que se denominou “TV Groucho Marx”, unha experiencia única no Estado español ata aquel ano, que se baseaba na participación de moitos profesionais que se acercaron ao Barco de Valdeorras a ensinar aos diferentes equipos formados para o proceso comunicativo. Así, eran realizados programas de produción propia, informativos e unha sección dedicada aos traballos de videocreación que se presentaban para a proxección nas xornadas da semana de cine.

A introdución do cine no ensino foi un proxecto no que estaban implicados todos os niveles de todos os centros, EXB, Instituto de Bacharelato e FP, funcionando dun xeito coordinado con todos eles e desenvolvendo diversas experiencias pedagóxicas. Había grupos de debate nos que participaban os directores dos centros, mestres de diferentes materias, alumnos e membros do cineclub Groucho Marx. Deste xeito determinábase o programa a seguir.

Os resultados destas e outras experiencias eran expostos en varios foros polos membros do cineclub convidados a tal efecto, como nas “Xornadas de Pedagogía da Imaxe” organizadas polo Centro de Enseñanzas Integradas e a Generalitat Valenciana en Valencia, a participación no Festival Internacional da Infancia e a Xuventude de Xixón como xurado cualificador cun grupo de doce nenos pertencentes ao propio Cineclub Groucho Marx e que formaban parte do equipo redactor da publicación diaria do festival, e na produción dos talleres de imaxe en funcionamento.

Normalmente vén realizando máis de 100 proxeccións anuais, no salón de actos da Casa da Cultura do Barco. Debido ás obras de reforma a que estivo sometida a citada Casa da Cultura tivo que suspender temporalmente a súa actividade no ano 2005. En xuño de 2006 volven a recuperar a normalidade. Mantén unha programación regular dun filme semanal, salvo nos meses de verán, e organiza unha semana de cine na última semana de agosto e primeiros días de setembro.

Ano 2015

Os filmes seleccionados para configurar a programación ordinaria foron:

01-01-2015- *París Manhatan*
01-01-2015- *Rio 2*
06-01-2015- *Como entrenar a tu dragón 2*
08-01-2015- *El niño*
15-01-2015- *La sal de la tierra*
22-01-2015- *Viajo sola*
29-01-2015- *Un toque de violencia*
05-02-2015- *Hotel Budapest*
12-02-2015- *Dios mio, ¿pero qué hemos hecho?*
19-02-2015- *Wallea*
26-02-2015- *A 20 pasos de la fama*
28-02-2015- *Maléfica*
05-03-2015- *Dos noches, un día*
12-03-2015- *Magical girl*
19-03-2015- *Leviatan*
26-03-2015- *Perdida*
28-03-2015- *Las aventuras del pequeño fantasma*
02-04-2015- *French women*
02-04-2015- *Los pingüinos de Madagascar*
09-04-2015- *Loreak*
15-04-2015- *Diplomacia*
23-04-2015- *Camino a la escuela*
30-04-2015- *Samba*
07-05-2015- *Snowpiercer*
14-05-2015- *Los fenómenos*
28-05-2015- *Jimmy's Hall*
04-06-2015- *Mucho más que miel*
11-06-2016- *A costa da morte*
18-06-2015- *Edificio España*
25-06-2015- *Citizen four*
17-09-2015- *Las vacaciones del Sr. Hulot*
24-09-2015- *El mundo sigue*
30-09-2015- *La profesora de historia*
08-10-2015- *Al otro lado del muro*
10-10-2015- *Ups, ¿dónde está Noe?*
22-10-2015- *Hipócrates*
29-10-2015- *The imitation game*
05-11-2015- *La dama de oro*

12-11-2015- La familia Belier

19-11-2015- El precio de la fama

26-11-2015- Phoenix

03-12-2015- B de Barcenas

10-12-2015- Segundo origen

23-12-2015- Aguas tranquilas

30-12-2015- El club

XXV Semana de Cinema. Realizada dos días 21 de agosto até o 1 de setembro. Os títulos escollidos para esta edición foron:

Whiplash

Sempre Xonxa

Luna en Brasil

Aprendiendo a conducir

Mandarinas

Pride

Difret

Historia de Marie Huertin

La fiesta de la despedida

El último lobo

Nuestro último verano es Escocia

Noche en el museo: el secreto del faraón

El libro de la vida

Big hero 6

Maimiño

CINECLUBE CARBALLIÑO

O Cineclub Carballiño volveu á actividade en novembro de 2012 tras varios anos de “descanso” por diversos motivos, que deixaron sen cine ao Carballiño, xa que a vila tampouco contaba xa con salas de exhibición cinematográfica. O feito de que o concello dotase ao auditorio municipal dos medios técnicos necesarios para proxeccionar tanto en 35 mm como en alta definición fai case dous anos fixo que un grupo de afeccionados ao cine pensaran moi seriamente en “resucitalo” e, finalmente, así foi: a mediados de novembro fan a primeira sesión desta nova etapa que esperamos sexa longa.

Desde entón manteñen unha programación regular, os venres, en dúas sesións, de 20:30 e 23:00 horas, e nalgúns casos tamén algún dos días da fin de semana. Traballan na maioría dos casos coa Federación de Cineclubes de Galicia, que é quen coordina a petición das películas, a publicidade, a entrega e recollida, etc. Tamén teñen colaborado con outras institucións, como a Fundación Vicente Risco. Intentan darlle oportunidade a novos realizadores para que a súa obra sexa coñecida, polo que fixeron sesións dedicadas a cine de difícil distribución e exhibición, así como tamén cine de animación. Por último, nun intento por achegar o cine aos máis xoves, téñense feito proxeccións para escolares nas que participaron diversos colexios e institutos da comarca.

Tamén establecen contacto e colaboración con diversas asociacións culturais da vila, coas que organizan diferentes actividades: concertos, presentacións de libros, proxeccións de películas, conferencias e charlas, etc. Isto último foi unha gran satisfacción xa que permitiulles abrir o abano de accións máis aló da proxección cinematográfica, que loxicamente é o fundamento da existencia do cineclube.

Ano 2015

O Cineclub Carballiño continuou neste ano 2015 coa súa **programación habitual**, un filme semanal os venres. Estes foron os títulos escollidos:

03-01-2015- Como entrenar a tu dragón 2

04-01-2015- El viento se levanta

06-01-2015- Bajo la misma estrella

09-01-2016- Omar

16-01-2015- El niño

23-01-2015- Perdida

06-02-2015- El pasado

13-02-2015- A propósito de Llewlyn Davis

20-02-2015- Mommy

27-02-2015- Winter sleep

06-03-2015- Locke

08-03-2015- Loreak

13-03-2015- *Relatos salvajes*
20-03-2015- *La isla mínima*
10-04-2015- *Nightcrawler*
17-04-2015- *Coherence*
01-05-2015- *E agora? Lembrame*
08-05-2015- *Samba*
15-05-2015- *Diplamacia*
22-05-2015- *Timbuktu*
09-10-2015- *Frío en Julio*
16-10-2015- *La sal de la tierra*
23-10-2015- *Maps of stars*
06-11-2015- *Interestelar*
13-11-2015- *La profesora de historia*
20-11-2015- *Conducta*
04-12-2015- *Viaje a Sils María*
18-12-2015- *White god*

A asistencia media de espectadores por película foi de 74

Neste ano continuou, tamén, a programación de **Cinemas de Galicia**, en colaboración co Agadic e o Concello do Carballiño, na que se proxectaron os seguintes títulos:

Os fenómenos
Magical girl
O ouro do tempo
Leviatan
O pequeno mago
A cicatriz branca
Dios mío que te hemos hecho?
El rayo
Las altas presiones
El árbol magnético
Los increíbles

A media de espectadores nestas proxeccións foi de 46 por película.

Xornadas sobre a memoria histórica. Organizadas, no mes de febreiro, en colaboración co IES Chamoso Lamas. Contaron cunha forte presenza do audiovisual galego: Ángel Rodríguez e Victoria Martínez (*Digna rabia*), Aurora Marco (*As silenciadas*) e Xosé Abad (*A pegada dos avós*).

Coincidiendo coas vacacións de Nadal fixeron dous ciclos, un dedicado aos refuxiados, no que se proxectaron 4 películas (*Almanya, Welcome, Distric Zero e Profesor Lazhar*) e outro dedicado ao público máis novo (*La mecánica del corazón, La canción del mar, Inside out*). O número total de espectadores foi de 225.

Nos meses de xullo e agosto colabora co Concello do Carballiño na organización e execución da 32 edición das Xociviga.

CINECLUBE VALLE-INCLÁN

O Club Cultural Valle-Inclán de Lugo nace o 13 de febreiro de 1966. Celebrábase aquel ano o centenario do nacemento de D. Ramón María del Valle-Inclán e os fundadores deciden poñerlle ao novo club o nome do insigne escritor galego. Terá como primeiro presidente a D. Julio Ulloa Vence.

O Valle-Inclán, como é coñecido popularmente en Lugo, nace primordialmente como cineclubes (cosa ben axeitada, pois o mesmo literato Valle Inclán subliñou a importancia da nova Arte Cinematográfica como compendio doutras, as plásticas, as sonoras e as literarias), seguindo a tendencia de representativas asociacións culturais da época, unha das poucas maneiras de agochar dialécticas heterodoxas que a censura ollaba entón con gran xenreira.

Así, xa o 4 de marzo do mesmo ano proxéctase nunha sala alugada a primeira das cintas, *Os paraugas de Cherburgo*, de J. Demy. Virá despois, durante anos, a mellor selección da sétima arte, nas pantallas do Cine España, Cine Kursal, Gran Teatro e Cine Victoria, hoxe desaparecidos.

Aínda que o cine e o teatro son os puntos de referencia para a súa actividade, de inmediato a programación verase encamiñada á difusión e creación cultural, especialmente na recuperación, potenciación e defensa da cultura e a lingua galegas.

Despois dun tempo de silencio, o “Club Cultural Valle-Inclán”, inicia unha nova xeira no ano 1994. Reivindicacións e manifestos —Por unha cidade viva; defensa do Gran Teatro e Cuartel de San Fernando—. Proposta para Cronista Oficial da Cidade. E de destacar o traballo a prol do recoñecemento pola Unesco da Muralla de Lugo como Ben Patrimonio da Humanidade. Máis cine. Novos ciclos. Cuestións de sempre. Agora os escenarios serán o Auditorio Gustavo Freira, Fundación Caixa Galicia, Escola Universitaria de Formación do Profesorado, Galería Sargadelos e Biblioteca Pública.

Ao longo do tempo o “Club Cultural Valle-Inclán” ten programado actividades sobre historia, lingua e literatura, economía, desenvolvemento, educación, ecoloxía, saúde, tradición, vangarda, socioloxía, patrimonio cultural, arte, actualidade, presentación de libros, cursiños, música, poesía, Día das letras galegas, exposicións, viaxes culturais con rutas polas catro provincias galegas, limítrofes, Portugal e París...

Nomes para á presidencia: D. Julio Ulloa Vence, D. José Manuel Otero Novás, D. Benxamín Casal Vila, D. Ovidio Vázquez Rodríguez, D. Carlos Varela Veiga, D. Camilo Gómez Torres, D. Francisco Arrizado Yañez, D^a Carmen Vázquez Vázquez, D. Xerardo Pardo de Vera e D^a M^a Antonina Gay Parga.

O capítulo de cine comprendeu —e comprende, pese á liberdade con que hoxe operan as empresas comerciais— a proxección de películas tanto de xeito illado como con periodicidade fixa, e atendendo, sempre que isto é posible, aos ciclos temáticos ou de autor, de maneira tal que en numerosas ocasións se tratou de harmonizar e xunguir os temas desenvolvidos —historia, literatura— en conferencias cos seus correspondentes no cine.

ANO 2015

1.-Cine. O Cineclub Valle Inclán fai as súas proxeccións no Salón de actos da Deputación Provincial as 20,00 horas.

Ciclo de cine checo organizado en colaboración co Centro Checo de Madrid (297 espectadores)

02-03-2015- *Las Margaritas*, de Vero Chytilová.

17-03-2015- *Mi dulce pueblecito*, de Jirí Menzel.

24-03-2015- *Algo parecido a la felicidad*, de Bohdan Sláma.

09-04-2015- *Kolya*, de Jan Sverák.

Sexto ciclo de Cinema Brasileiro, en colaboración coa Embaixada de Brasil e a Fundación Cultural Hispano Brasileña. (321 espectadores)

16-04-2015- *Os 12 trabalhos*, de Ricardo Elias.

22-04-2015- *Proibido proibir*, de Jorge Durán.

28-04-2015- *Á beira do caminho*, de Breno Silveira.

06-05-2015- *Serra Pelada*, de Heitor Dhalia.

Ciclo de Cinema Europeo (456 espectadores)

18-05-2015- *Madre e hijo*, de Calin Peter Netzer.

20-05-2015- *Dos días, una noche*, de Jean-Pierre e Luc Dardenne.

26-05-2015- *El pasado*, de Asghar Farhadi.

09-06-2015- *La sal de la tierra*, de Win Wenders e Juliano Ribeiro Salgado

Semana de Cine (618 espectadores)

26-10-2015- *La familia Bélier*

28-10-2015- *El capital humano*

29-10-2015- *Mandarinas*

30-10-2015- *Calvary*

Cine de Israel (184 espectadores)

27-11-2015- *Gett. El divorcio de Viviane Amsalem*

03-12-2015- *Mis hijos*

Cine de Palestina (181 espectadores)

09-12-2015- *5 cámaras rotas*

15-12-2015- *Omar*

2.-Conferencias

Día 10 febreiro: *Influencias estranxeiras en Castelao*, pronunciada por Siro, coa presentación de Felipe Arias Vilas.

Salón de actos Deputación Provincial. 20,00 horas.

3.-Presentacións

Día 10 Marzo 2015: Presentación da novela de Septen Ediciones, *Vía muerta*, de Aurora García Rivas. Acompaña á autora Marisol Fernández Rocha.

Galería Sargadelos. 20,00 horas.

Día 7 de maio: Presentación do libro-dvd, editado por Galaxia, *A cicatriz branca*, de Margarita Ledo Andión. Coa autora Víctor Freixanes e Tonina Gay.

4.-Letras Galegas

Día 27 de abril, salón de actos da Deputación Provincial, 20,00 horas.

Mesa redonda baixo o título *Filgueira Valverde: luces e sombras*. Presentada e moderada por Felipe Arias Vilas e coa participación de Xosé Carlos Sierra Rodríguez (director do Museo Etnolóxico de Ribadavia e antropólogo), Francisco Calo Lourido (catedrático de Instituto e historiador) e Xesús Ferro Ruibal (académico da R.A.Galega e filólogo).

CINECLUBE OS PAPEIROS

O Cineclub Os Papeiros, que está a piques de cumprir os 25 anos de actividade na comarca de Chantada neste Outono, deulle continuidade neste 2015 ao traballo de creación, educación e divulgación da cultura cinematográfica.

Ao longo do 2015 aumentouse o número de propostas audiovisuais dentro dos seguintes proxectos:

1.-Creación audiovisual.

Dentro do Taller de Cinema “A Casa Enchantada” continuamos coa creación encetando e como reto a realización dun primeiro “Videoclip” co grupo de música folc “Searas” de Chantada, sendo presentado dentro da Festival da Curtametraxe na 22 Semana de Cinema con data 14-8-2015.

Asemade producimos catro proxectos máis:

Brancas donas da inverniá
Ons ollos de mar
Vacas
Baixo sobre o Miño

2.-Cinema Palleiriso (Total participación 415 persoas)

O Cineclub Os Papeiros, coa colaboración do Cineclub Padre Feijoo e a Federación de Cineclubes de Galicia abriu no 2014 un proxecto de Cinema Rural dentro dun vello palleiro coas butacas de cines antigos da comarca baixo o nome de “Cinema Palleiriso”.

Ao longo do 2015 fixéronse as seguintes proxeccións:

-Cóntame un Cine para os seguintes colectivos e centros escolares:

“A Barca do Tempo” para o IES Lucus Augusti
“Pitas” para a Escola de Educación Infantil Raiola de Santiago
“Lor, alma de río” para o Ceip Filomena Dato de Barbadás
“Mundos fantásticos” para o Ceip Vilatuxe e para a Escola DonRamiro de Lalín
“Un ano na escola” para o Ceip de Silleda
“Ons, ollos de illa” para Lua de Leite de Oleiros
“A flor máis grande do mundo” para o Encontro de Educadores pola Paz
“Latcho drom” para o encontro de “Contos para Coidar a Terra” da SGEA
“Brancas donas da inverniá” para a ANPA do CEIP Eloisa Ribadulla de Chantada.

-Clásicos no Palleiriso coa proxección de:

Tarzán de los monos
El acorazado Potemkin

3.- 22 Semana de Cinema de Chantada (Total participación 620 persoas). Proxeccións de rúa no mes de Agosto das seguintes películas:

11-08-2015- Tarzán
12-08-2015- El abuelo que saltó por la ventana y se largó
13-08-2015- El gran hotel Budapest
14-08-2015- Anna Karenina

Coma tódolos anos ao mesmo tempo que a Semana de Cinema ten lugar a Semana Curta (Festival da Curtametraxe) que neste ano 2015 cumpriu 16 anos. Estes foron os títulos que se puideron ver:

Branca donas da invernia
Lor alma de río
Ons, ollos de mar
Vacas
Searas

4.- Contra a parede “Lobos” (Participación 150 persoas)

Novo proxecto do Cineclubes dentro da Semana de Cinema de Chantada na que se proxectan imaxes audiovisuais contra as paredes de edificios do patrimonio histórico na Praza do Cantón, dedicándose este ano a vida dos lobos.

O número total de persoas que participaron nestas actividades foi de 1.185.

5- Cinemateca con rodas.

Préstamo de curtametraxes e longametraxes na Casa da Cultura de Chantada ao longo do ano dentro dun carriño con rodas tirado por unha bicicleta.

6.- Proxecto “Pescando imaxes”. Creouse para a entidade Ouvirmos o proxecto audiovisual “Pescando imaxes” destinado a alumnos e alumnas dos centros de ensinanza media galegos e que consiste na creación dunha cana de pescar cunha cámara sumerxible Go-Pro no que se propón as mozas e mozos que pagan de pescadores de imaxes, que despois se montan e proxectan no instituto.

CINECLUBE A CALEXA

No ano 1997 un grupiño de xente do máis heteroxéneo, salvo pola afección ao cine, reuníronse nunha mesa da Casa da Cultura de Monforte para tratar de organizar un cineclube nesta cidade; tratábase de que en Monforte se puidese ver un cine distinto, ese cine que aparece rara vez na carteleira das cidades medianas ou pequenas como a esta. Dese grupiño saíron ideas e o compromiso de organizarse, e incluso saíu o nome do futuro cineclube (unha resurrección reverencial dunha sorte de cineclub que existira anos atrás: A Calexa).

Como acontece con toda asociación cultural que se prece, os primeiros tempos foron de entusiasmo desaforado: nuns días estaban redactados os estatutos, comprometido un boletín periódico, encargados programas de man e posta en marcha unha modesta programación, organizada ás veces en ambiciosos ciclos temáticos ou de directores. Estas primeiras proxeccións tiñan lugar na Casa da Cultura e alongábanse nun animado cinefórum.

Daquela Monforte tiña un vetusto cine, o Cine-teatro Lemos, que xa estaba agonizando cando se proxectou a primeira película en 35mm, *Reservoir dogs*. Aquel día viron claro que o futuro do cineclub estaba nas proxeccións en pantalla grande. E cunha proxección neste formato tiveron o honor de despedir o Cine-teatro Lemos para sempre. A súa última película foi patrocinada con todo o aparato posible polo cineclub, nunha xornada histórica no cine en Monforte onde o escenario máis tradicional do cine na cidade era despedido con agarimo pola versión máis integrista dun cineclub: O *Tren de sombras* de José Luis Guerín. Unha sesión derivada case nun mito para a xente do cineclub de da que levaría moito tempo falar...

A cuestión é que a modernidade chegou a Monforte representada por tres salas con todas as condicións esixibles a un cine moderno: os Multicines Hollywood. Co tempo, cineclub A Calexa chegou a un acordo coa empresa que rexenta o cine para facer as súas proxeccións, unha película todos os mércores fin de mes, e organizar unha mostra de cine.

O cineclub ten colaborado de xeito moi activo con todo tipo de asociacións e colectivos (Asociación de Ferrocarriles, Asociación Salvador Allende, Alcohólicos Anónimos, Drogodependencias...), e as súas proxeccións estendéronse tamén ao público infantil nas datas de vacacións.

A presenza do cineclub nos medios de comunicación tamén ten sido moi intensa, por canto é colaborador asiduo da televisión e radio locais, fomentando o gusto polo bo cine e comentando as ofertas cinematográficas do noso contorno inmediato.

O Cineclub A Calexa ten acadado un relevo e unha transcendencia na vida cultural de Monforte que nunca pensaron que ía ter.

No ano 2010, despois de 13 anos de programación continua e 10 Mostras de Cine os responsables do cineclub deciden única e exclusivamente dedicarse a todas as colaboracións que lle sexan solicitadas. O

principal motivo foi non aventurarse a ter problemas económicos e realizar só aquilo que se podía asegurar economicamente.

No ano 2014 deron un paso adiante cunha idea que tiñan dende o principio: un Festival de cine de ciencia ficción e cine fantástico. Así fíxose o Iº FANCINE DE LEMOS, festival de cine fantástico e terror de Monforte de Lemos. Presentáronse 250 curtametraxes, cunha calidade increíble. Tal foi así que unha das curtas gañou en Sitges e outras dúas -loco con ballesta e mais Safari- foron nomeadas os Goya, (das 24 seleccionadas polos representantes do cineclub). O mellor, a numerosa asistencia de público, e os parabéns de todos os medios. Contaron co Apoio de Chicho Ibáñez Serrador, que non puido asistir, mais mandou unha filmación del mesmo, que pode ser póstuma.

Ano 2015

No mes de maio estrea do documental de Manuel Valcarcel "Tempo" na sala 3 de Multicines Hollywood cunha asistencia de 400 persoas en unha sola sesión.

Colaboración na produción de Fancine de Lemos.

XIV Mostra de cine de Monforte de Lemos. Ante a demanda do público poñéñse a labor e organizan a Mostra de Cine que ten lugar entre os días 19 e 27 de outubro. Estes son os títulos seleccionados:

19-10-2015- La isla mínima

20-10-2015- Lo que hacemos en las sombras

21-10-2015- Levitan

23-10-2015- Homenaxe a Mario Roldán con actores invitados e un percorrido pola súa filmografía.

26-10-2015- Magical girl

27-10-2015- Black coal

Outras actividades

12-11-2015- Proxección do filme de animación "Donkey Xote". Iste acto realizouse en colaboración co Concello de Monforte para conmemorar o aniversario da edición da obra "Don Quijote". Asistiron 400 alumnos da cidade.

29-11-2015. Presentación do documental "Ribeira Sacra", de Nemesis Creaciones, que foi premiado en Silafest, Serbia. A asistencia foi de 300 persoas.

Ó cumprir 18 anos, están pensando na alternativa de nova xente para ter una programación continuada fora das pantallas comerciais de Monforte.

CINECLUBE CANGAS

Aínda que as actividades cinematográficas do Cineclub comezaron en 1977, fixéronse continuadas en 1983, coa constitución da Asociación Cívico Cultural Xiria. Desde entón, veu desenvolvendo un labor central de difusión e potenciación da cultura, dentro do concello de Cangas do Morrazo e a súa comarca. Entre as actividades da asociación destácase o cineclub (cunha programación regular de dúas películas mensuais), a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo, a organización de recitais e concertos, xornadas literarias e de debate, de banda deseñada, contacontos e lecturas teatrais.

No ano 1997 o cineclub tivo que interromper a súa programación, ao reconverterse o cine de Cangas en multicines, e en 1998 recuperaron a súa actividade normal. No ano 2005, a actividade do cineclub veu determinada polo peche destes multicines, os únicos existentes en Cangas. Iso obrigou a unha inactividade forzada de medio ano, e conseguiuase reiniciar a programación grazas a un compromiso do concello de dotar o Auditorio Municipal de proxector de 35mm. Porén, a programación do Cineclub Cangas segue a estar determinada pola falla de dotación dese auditorio, xa que o acordo co concello para aboar o importe do aluguer do proxector resulta unha carga para manter unha programación continua.

O 2009 foi para o Cineclub Cangas un ano de certa recuperación de público. A regularidade na programación a partir do segundo trimestre, a opción definitiva polo cinema dixital e unha elección axeitada de títulos permitiu recuperar unha parte do público que levaban perdido por mor das malas condicións nas que viñan desenvolvendo a actividade.

Manteñen un blog e un perfil no Facebook para difundir o máis posible as actividades.

As sesións cinematográficas fanse no Auditorio Municipal de Cangas ás 21'00 h. As películas proxéctanse en versión orixinal con subtítulos en español. Normalmente proxectan un filme cada dúas semanas.

Ano 2015

Despois de moitos anos de insistir, conseguiron que se dotase o Auditorio co equipamento necesario para poder facer proxeccións de calidade, aínda que iso supuxo que o cineclub tivera que facer unha aportación económica para complementar a do Concello de Cangas. Isto permitiulles consolidar a programación, aumentar o número de espectadores e afrontar, de novo, a organización dunha Semana de cine.

A chegada de xente nova con ganas de traballar e interese polo cine foi un feito importante porque ademais de aportar outras visións á programación e á organización, permitiu distribuír máis o traballo e iso notouse na presenza regular nas redes sociais e na prensa.

O número de persoas que asistiron as sesións cinematográficas foi de 2679. Estes foron os filmes seleccionados para a programación ordinaria:

23-01-2015- *Encallados*
06-02-2015- *Rebelde*
20-02-2015- *La chica del 14 de Julio*
06-03-2015- *Madre e hijo*
20-03-2015- *Media luna*
10-04-2015- *Loreak*
24-04-2015- *Magical girl*
08-05-2015- *Dos días, una noche*
05-06-2015- *Diplomacia*
12-06-2015- *Amanece en Edimburgo*
02-10-2015- *Los insólitos peces gato*
16-10-2015- *Mandarinas*
30-10-2015- *Una segunda madre*
13-11-2015- *La casa del tejado rojo*
27-11-2015- *Whiplash*
11-12-2015- *Leviatán*

Despois de moitos anos sen poder facelo volven a organizar, no mes de setembro, unha **Semana de Cine** baixo a denominación "Cinemas ocultos". Para iso programáronse 13 películas, catro infantís e 9 para adultos con procedencia africana e galega. Estreouse un documental francés dos anos setenta sobre a vida dunha traballadora de fogar canguesa emigrada a Francia. Para iso foi necesario proceder á tradución e subtítulo da película. Outro elemento importante foi a programación de cine totalmente descoñecido, a proxección de películas galegas coa presenza dos seus directores para realizar a presentación e un coloquio cos espectadores. Estes foron os títulos seleccionados:

12-09-2015- *A tropa de trapo na selva do arco da vella*
12-09-2015- *A longa viaxe de Esperanza*
13-09-2015- *La canción del mar*
13-09-2015- *Andalousie mon amour*
14-09-2015- *A viaxe de Leslie*
15-09-2015- *Las altas presiones*
17-09-2015- *A cicatriz branca*
18-09-2015- *Maimiño*
18-09-2015- *Decor*
19-09-2015- *La pequeña vendedora de sol*
19-09-2015- *La isla de Giovanni*
19-09-2015- *Timbuktu*
20-09-2015- *Moolade*

A asistencia total as proxeccións da Semana de Cine foi de 1.219 persoas.

CINECLUBE LUMIÈRE-VIGO

O Cineclub Lumière foi creado en 1993 por un grupo de persoas de diferentes profesións co fin de incorporar á cidade outra canle cultural, inexistente ata ese momento, e outro xeito de ver o cinema. O nacemento do Lumière supuxo recuperar para a cidade olívica unha actividade que non tiña continuidade dende o ano 1982, data en que desaparecera o último dos cineclubes vigueses dos anos setenta.

Ten como fins a difusión da cultura cinematográfica; a estimulación da vocación e o interese polo estudo e o goce do cine; o achegamento do cine á sociedade dun xeito educativo e crítico; e, ademais, a promoción dos realizadores novos, facilitando a produción e a posterior exhibición dos seus traballos.

Alén diso, ten como obxectivo xeral organizar e ofrecer ao público unha colección ampla de materiais bibliográficos, gráficos e audiovisuais, que permitan a todas as persoas interesadas acceder a unha información actualizada sobre temas específicos de cine.

Entre as actividades realizadas ao longo da súa historia cabe destacar as colaboracións estables — organizando diversos ciclos de cine— con numerosas entidades de Vigo, promotoras de cultura, educación, integración social e veciñal, como as concellerías de Xuventude, de Educación e da Muller, a Universidade de Vigo, a Alianza Francesa de Vigo, a Escola Oficial de Idiomas, a Aula de Cultura de Caixa Galicia, a Obra Socio-Cultural do Centro Cultural Caixanova, o Colexio de Arquitectos de Vigo, a Fundación Érguete-Integración ou asociacións veciñais como o Plan Comunitario de Teis, Casco Vello, Val do Fragoso, etc.

No ámbito estritamente cinematográfico, o Cineclub Lumière organizou o I Premio de Guións Chano Piñeiro, no ano 1995; ciclos de cinema galego-portugués, nos anos 1993 e 1994; un ciclo de cine cubano, no ano 1997; e mostras de curtametraxes de novos realizadores, entre os anos 1994 e 2003.

Membros da súa directiva participaron como xurado no Festival Internacional de Cine de Figueira da Foz (Portugal), no ano 1995, e no Festival Internacional Karlowy Vary (República Checa), no ano 2002.

O Cineclub colaborou, ademais, na produción de curtametraxes, organizou exposicións, cursos, coloquios e mesas redondas, e participou en coloquios e entrevistas de radio e televisión.

Ano 2015

Seguen facendo as proxeccións no Auditorio do Concello de Vigo os luns ás 20'30 h. Os filmes seleccionados para conformar os ciclos de cine do **primeiro semestre** foron:

12-01-2015- Coherence

19-01-2015- Amour fou

02-02-2015- Edificio España

09-02-2015- Jauja

16-02-2015- *Slimane*
02-03-2015- *La reconstrucción*
09-03-2015- *Five days to dance*
16-03-2015- *Historias de Lavapiés*
23-03-2015- *White shadow*
06-04-2015- *Mil noches, una boda*
13-04-2015- *Frío en Julio*
20-04-2015- *Quédate conmigo*
04-05-2015- *Policia en Israel*
11-05-2015- *El buen hijo*
18-05-2015- *Mis hijos*
01-06-2015- *Convicto*
08-06-2015- *Yes we fuck*
15-06-2015- *Girlhood*
22-06-2015- *Get: el divorcio de Viviane Amsalem*

O número de espectadores nestos seis meses foi de 1.228 espectadores.

No mes de setembro retoman as actividades coa seguinte programación:

07-09-2015- *Clan salvaje*
14-09-2015- *Retratos de familia*
21-09-2015- *La lección*
05-10-2015- *Los insólitos peces gato*
19-10-2015- *Una segunda madre*
09-11-2015- *Los caballos de Dios*
16-11-2015- *Bernie*
23-11-2015- *La camarera de Lynn*
07-12-2015- *Villa touma*

O número de espectadores foi de 530.

Outras actividades do Cineclub Lumière-Vigo.

Colaboración coa Alianza Francesa de Vigo: proxección dunha película de cine francés un día ao mes de xaneiro a xuño e de outubro a decembro.

Organización de obradoiros de fotografía dixital, composición fotográfica e photoshop. Tamén de escritura cinematográfica. Como resultado destas actividades sigue funcionando o Grupo Fotográfico do Cineclub Lumière. Os obradoiros de escritura cinematográfica deron lugar a rodaxe dalgunha curtametraxe co alumnado dos obradorios.

CINECLUBE PONTEVEDRA

O 24 de abril de 1954 presentouse no Goberno Civil de Pontevedra o Regulamento do Cineclub Pontevedra, regulamento que foi aprobado o día 2 de xullo do mesmo ano pola Dirección General de Política Interior do Ministerio de Gobernación.

O día 13 de xuño de 1954 comezaron as actividades culturais, previa autorización gubernativa provisional, coa primeira sesión cinematográfica, que consistiu na proxección dos documentais *France 4 saisons*, *Van Gogh*, *Versailles e ses fantômes* e *Balzac*, que foron cedidos pola Embaixada de Francia.

O domicilio social estableceuse, daquela, nas oficinas da Delegación Provincial de Información e Turismo de Pontevedra, cedidas polo Delegado Provincial, Sr. Álvarez Villar.

A autorización definitiva data do 18 de agosto de 1954, e o Cineclube Pontevedra é inscrito no Rexistro de Asociacións do Goberno Civil co n.º 20.

Entre as múltiples actividades desenvolvidas de forma regular están o Ciclo Cine de Actualidade, o Ciclo Historia do Cine, o Ciclo de Cine dedicado á Muller, as Noites Abertas, o Ciclo de Cine Galego, Cine na Rúa e, ultimamente, a Semana de Cine Infantil.

Despois de ter mantida a súa actividade de forma regular durante máis de 50 anos, nestes últimos tempos as dificultades polas que está atravesando fan que a súa programación non manteña a regularidade doutras épocas.

Ano 2015

Este verán chegan cambios ao cineclube: unha nova directiva, que ven cargada de ilusións, e unha nova sede na rúa Luís Braille-40, no Centro Sur que pertence ao Concello de Pontevedra; aí dispoñen dun despacho, no que se volverá a montar a biblioteca do cineclub, e de zonas comúns como pode ser a sala de reunións e salón de actos. Comparten as instalacións con outras asociacións coas que se pretende que haxa colaboracións.

Estas foron as actividades desenroladas:

Xullo. Colaboracións cos concellos de Marín e Pontevedra coa súa programación de actividades do verán.

Cine na rúa na Praza do Reloxo de Marín

14-07-2015- Nebraska

15-07-2015- El gran hotel Budapest

Cine na lúa na Praza da Pedreira de Pontevedra

22-07-2015- *Her*
23-07-2015- *El gran hotel Budapest*
24-07-2015- *El alucinante mundo de Norman*
25-07-2015- *Gru 2.*
26-07-2015- *Vivir es fácil con los ojos cerrados*

Cinema no xardín. En colaboración co Liceo Mutante. Proxección de filmes nos que estiveron presentes os respectivos directores e cos que se mantiveron animados coloquios.

05-08-2015- *La más macabra de las vidas*
06-08-2015- *Bionte*
06-08-2015- *Lúa/Decalcomanía*
06-08-2015- *Volonté*
18-08-2015- *Chavaga, Montecelo*
19-08-2015- *O quinto evanxeo de Gaspar Hauser*
20-08-2015- *Las altas presiones*
26-08-2015- *Crumbs*

Festa presentación: para presentar os cambios que houbo no Cineclubes deciden facer unha presentación e achegarse a xente que posiblemente non os coñecía. O día 28 de agosto organizan un plan para tarde e a noite: obradoiros, música, proxeccións e picoteo para dar a coñecer ó Cineclubes Pontevedra e a súa nova ubicación, proxectos e captación de socios.

-Obradoiro de sonorización e manipulación de 35 mm, nos que arredor de 15 persoas deixaron a súa pegada na película experimental que se proxectou pola noite.

-Obradoiro de cinema estenopeico.

-Obradoiro de cómo se enfía unha película de 35mm e como funciona o proxector.

Pola noite proxectouse o traballo feito pola tarde e despois os músicos interpretaron unha selección de momentos musicais da historia do cine.

Ciclo Cinema e Arquitectura: Cidade, disparate e revolta. Como cada mes de outubro, a programación xirou arredor da arquitectura. As proxeccións tiveron lugar na sede da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Casa das Campás). Estes son os títulos dos traballos seleccionados:

06-10-2015- *Sevilla tuvo que ser*
Sevilla en tres niveles
La ciudad es el recuerdo

La alameda

13-10-2015- Manuel Gallego. *Polo territorio da arquitectura.*

Josep Luís Sert. *Un sueño nómada*

20-10-2015- *Ficción inmobiliaria I y II*

27-10-2015- *No-Res. Vida i mort d'un spai en tres actes.*

O número de espectadores foi de 145.

Ciclo Alemaña no Outono. En colaboración co Goethe Institut Madrid. As proxeccións foron no auditorio da Biblioteca Pública de Pontevedra.

03-11-2015- *Bárbara*

10-11-2015- *Die innere sicherheit*

17-11-2015- *Jerichow*

24-11-2015- *Gespenster*

O número de espectadores foi de 223.

Obradoiro de Cinema mudo. Co gallo da celebración do Día Internacional dos Dereitos da Infancia organizan, os días 17,18,19 de novembro, un obradoiro baixo o nome *¿Como cho digo para que me entendas?*. Por medio da linguaxe cinematográfica traballan o tema dos dereitos da infancia cun grupo de nenas e nenos de 6 a 12 anos. O filme resultante (Comando, 2015) pode verse na súa canle de [vimeo](https://vimeo.com/cineclubepontevedra) (<https://vimeo.com/cineclubepontevedra>) onde foi colgado previo consentimento dos pais dos nenos.

Decembro.

01-12-2015- Sesión dedicada ao realizador carballiñés Alberte Pagán, presente nas proxeccións e que participou nun coloquio que tivo lugar despois de ver os seus traballos *"Superficies: long face"* e *"A realidade"*. 41 espectadores.

17-12-2015- *Coûte que Coûte.* En colaboración coa Alliance Française de Vigo. 49 espectadores.

Obradorio de Cinema de Terror. Aproveitando o Nadal realizan cos rapaces da Asociación Veciñal Salcedo Norte, un obradoiro de guionización e realización dunha curta de terror: *"Medo de dá"*

CINECLUBE POLEIRO

O Cineclub Poleiro, que naceu dentro da Asociación Cultural Eliseo Alonso, foi creado en marzo de 1998, aínda que os seus estatutos non se constituirán ata setembro do mesmo ano e a súa inscrición no Rexistro de Cineclubes de Galicia non se fixera efectiva ata marzo do 1999 no número C-43. A partir deste momento integrouse na Federación de Cineclubes de Galicia.

O Cineclub Poleiro empezou coa mesma finalidade xeral ca propia asociación: servir como xerme de promoción cultural dentro da nosa comarca, o Baixo Miño, e propoñer puntos de encontro cultural dentro da nosa comunidade.

Durante sete anos, ata o ano 2005, as súas actividades leváronse a cabo no Cine Avenida da Guarda.

Coa súa actividade quixeron achegar ó cine de calidade a unha comarca que durante as últimas décadas foi comprobando como os cines foron desaparecendo dos seus concellos. A selección de películas que fixeron constituíu unha boa forma de dar a coñecer unha representación do cine máis actual, lonxe moitas veces dos circuítos comerciais.

O Cineclub Poleiro tivo que rematar a súa actividade cando o Cine Avenida pechou. Nestes intreos, con peche tamén dos cines de Tui, non queda cine ningún no Baixo Miño. O cine, entendido como unha actividade artística importante dos nosos días queda, deste xeito, unha vez máis alleo a unha comunidade só porque non constitúe un marco urbano grande ou está lonxe deste.

Dende o fin da actividade, no ano 2005, ata agora procuran buscar un lugar onde poder reiniciar unha nova programación. Isto foi imposible. Aínda que apareceron novos espazos públicos estes non estaban dotados cos medios necesarios para unha actividade cinematográfica adecuada.

Coa dotación do Auditorio do Multiusos de Goián con medios de proxección audiovisual teñen de novo a oportunidade de reiniciar, en marzo de 2009, a actividade do Cineclub Poleiro. Neste comezo son gratamente sorprendidos por unha alta asistencia dos socios, entre 80 e 120 dependendo do filme. Manteñen unha programación regular dunha película o primeiro xoves de cada mes, de xaneiro a xuño e de outubro a decembro. No ano 2014 teñen que facer un novo parón debido as obras de reforma do Auditorio. No segundo trimestre do 2015 retoman a actividade. Os títulos seleccionados para conformar a programación foron os seguintes:

09-04-2015- Nebraska

07-05-2015- Les garçons et Guillaume a la table

04-06-2015- Alabama Monroe

08-10-2015- La fiesta de la despedida

05-11-2015- Mommy

03-12-2015- Timbuktu

CINECLUBE ÁDEGA

O Cineclub Ádega leva dende 1976 participando e dinamizando a vida cultural de Vilagarcía de Arousa. O Adega ofreceu durante moitos anos múltiples e variadas actividades: proxección dun filme cada semana, concursos fotográficos, Semanas de Cinema...etc. No ano 2009 o número de actividades vaise reducindo debido ao custo económico, xa que a única posibilidade de proxectar era nos Cines MGA e iso supoñía un altísimo custo debido o aluguer da sala para poder realizar as proxeccións e así pouco a pouco foi reducindo a actividade ata quedar en estado latente. Actualmente un grupo de persoas afeccionadas o cine consideraron que era o necesario retomar a actividade do cineclub co fin de difundir a cultura cinematográfica en Vilagarcía e estimular o interese polo estudio e goce do cine acercándoo a sociedade dunha forma educativa e crítica.

Os obxectivos que se marcan os membros da nova xunta directiva son:

- Difundir a cultura cinematográfica e estimular o interese polo cine acercándoo a sociedade de forma educativa e crítica.
- Dotar a Vilagarcía dun canal de distribución estable e de calidade que converta a esta cidade nun lugar de referencia en Galicia, como o foi noutros tempos, con respecto a esta arte.
- Contribuír a unha mellora da cultura audiovisual galega convertendo o lugar de proxección nun punto de encontro, ademais de acercar ó público películas as que non terían acceso e ensinar o cine dun xeito educativo e crítico o público infantil e xuvenil da cidade.

Para tentar conseguir todos os seus fins as actividades propostas serían:

Sesións do Cineclub: Celebraranse no Salón García de Vilagarcía de Arousa, os venres as 21 horas.

- As proxeccións están reservadas a socios do cineclub exclusivamente e será imprescindible presentar o carnet de socio.
- As proxeccións realizaranse en versión orixinal subtitulada e todas as películas deben estar fora do circuío comercial e deberán ter un valor crítico de cine.
- A selección dos filmes correrá a cargo da directiva que escollerá unha película actual e outra clásica podendo realizar ciclos (sobre a filmografía dun director, actor, país, etc.). Unha das películas escollese mediante unha votación entre los socios realizada polas redes sociais e web. Cabe a proxección de cine infantil en horario adaptado, cine de produción galega e sesións de curtametraxes.

Outras actividades que lles gustaría levar a cabo son:

- Realización de talleres sobre cine.
- Seminarios de cinema con expertos e directores invitando a outros cineclubes.

- Proxectar una película en versión orixinal de maneira educativa en colaboración coa Escola Oficial de Idiomas.
- Semana de cinema na rúa no verán.
- Retomar o concurso de fotografía.

Están nas redes sociais e teñen unha páxina web na que se pode consultar a historia, actividades, programación e noticias do cineclube; nela tamén se poderá descargar o formulario de inscrición.

Ano 2015

Programación ordinaria.

25-04-2015- El navegante
06-05-2015- Ida
27-05-2015- Magical girl
11-06-2015- Whiplash
25-06-2015- Down by law
08-07-2015- Dos días, una noche
22-07-2015- Paris, Texas
09-09-2015- Zelig
23-09-2015- Mandarinas
28-10-2015- Zombies party
11-11-2015- Princesa
25-11-2015- Contraté un asesino a sueldo
02-12-2015- Plácido

Semana de Cine

03-08-2015- La vida de Adele
04-08-2015- Searching for sugar man
05-08-2015- Vals con Bashir
06-08-2015- Mommy
07-08-2015- Metrópolis

CINECLUBE LICEO DE NOIA

A Sociedade Artística, Cultural e Recreativa Liceo de Noia é unha entidade con personalidade xurídica e capacidade de obrar propia, de duración ilimitada, que foi fundada o día 28 de Agosto de 1928, ao amparo da antiga lexislación, cuxo Regulamento vixente se modifica e substitúe polos actuais Estatutos, os cales teñen por obxecto fixar as finalidades, dereitos e obrigas da sociedade, que ten o seu domicilio social situado na Alameda s/n, de Noia.

Os fins desta Sociedade, entre outros, son os seguintes:

- a) Impulsar e promover todas aquelas actividades que contribúan á mellor cultura deportiva e intelectual de todos os seus asociados.
- b) Esta Sociedade non se adscribirá a ningún partido político, nin tendencia relixiosa nin concepción do mundo, pero dende a súa tribuna poderanse tratar obxectivamente toda clase de asuntos e temas que non atenten contra as Leis vixentes e se expoñan coa debida corrección e respecto ás ideas alleas.
- c) Fomentar o aproveitamento de oportunidades de novos usos de vellos espazos para iniciativas baseadas na creación.
- d) Promover a educación non formal a través de talleres e laboratorios de experimentación.
- e) Preservar e conservar a memoria histórica da vila, no contexto Galego.
- f) Impulsar intervencións artísticas propias e externas servindo como plataforma para artistas emerxentes.

A recente actividade do Cineclub, naceu con anterioridade á nova iniciativa, que comeza coa inclusión na Federación de Cineclubes de Galicia, xa que unhas décadas atrás, alá nos principios dos anos setenta a directiva do Liceo decidiu darlle preferencia á proxeccións que consideraban non comerciais, chegando incluso a ter problemas polo contido dalgunhas películas as que se lle atribuían tendencias cara una orientación política, nunca máis lonxe da realidade, por este motivo y porque algún socios non estaban de acordo coa liña a seguir, decidiuse parar a actividade ata a actualidade. Os principios que se marcaron consistían basicamente en proxectar un cine que non se puidese ver nas salas de cine. Hoxe queremos preservar esta iniciativa que se levou acabo no seu momento.

Dende a creación do cineclub, como unha nova actividade que pretende iniciar unha dinámica creativa na vila que contribuía a reactivar a zona (incluíndo as persoas, as empresas e o tecido social), xerar unha dinámica de actividade constante que propicie o interese polo audiovisual.

No ano 2014 comezan a preparación de distintos actos; a programación verase encamiñada á difusión e creación cultural, especialmente no ámbito da cultura e a lingua galegas. A isto hai que engadir a organización de cursos de formación cinematográfica e conferencias, ciclos de cinema infantil, de documental, de cinema galego e a edición de folletos e catálogos en galego. Tamén se ofrece a organización dunha escola galega de cinema, na que o obxectivo é a creación dunha cultura cinematográfica.

A labor fundamental consiste en completar a oferta cinematográfica dirixida ós amantes do cine, nunha tripla

dimensión:

1. Proxectando películas en V.O. subtitulada ó castelán.
2. Repoñendo grandes clásicos.
3. Proxectando películas coa presenza do seu director, actores, produtores ou alguén relacionado co filme. Moitas das proxeccións finalizan con un coloquio, na maioría dos casos cando se trata dunha película feita en Galicia ou por un galego onde se analizan os diversos aspectos técnicos e temáticos que suscitan as películas.

Inician as proxeccións de cineclub coa película *Encallados*, producida por Zircozine, y dirixida por Alfonso Zarauza. Ó rematar a película mantívose un coloquio no que colaborou Luís Avilés Baquero, Alfonso Zarauza e o protagonista da película Xulio Abonjo.

As proxeccións fanse no auditorio das instalación do Liceo, con capacidade para máis de cincocentas persoas. A idea é a de programar dous filmes ao mes.

ANO 2015

Neste segundo ano de actividade os obxectivos se foron cumprindo a pesar de que existiu una desigual participación de socios, en función das actividades organizadas. Cumpriuse a programación establecida en relación coa organización de cursos de formación cinematográfica e conferencias, de documental, de cinema galego e a edición de folletos e catálogos en galego. Aínda non lograron cumprir o soño de ofrecer a organización dunha escola galega de cinema, na que o obxectivo sexa a creación dunha cultura cinematográfica.

As proxeccións seguen a facerse no Auditorio do Liceo, dúas sesións ó mes, unha ao principio e outra ó remate, pero cando máis asistencia de público se tivo foi ca proxección de películas, como foi o caso de "Ocho apellidos vascos" e "El niño" na que se decidiu facer un dobre pase.

De momento estes foron ós títulos seleccionados:

09-01-2015- Philomena
25-01-2015- De óxido y hueso
06/08-03-15- El niño
29-03-2015- The drop
10/12-04-15- Ocho apellidos vascos
19-04-2015- Ida
15-05-2015- Tralas luces
31-05-2015- Enemy
14-06-2015- Black coal
28-06-2015- Turistas

Ciclo outono-inverno. Teñen a idea de facer coloquios xunto cas proxeccións.

11-10-2015- Mr. Turner

08-11-2015- Whiplash

22-11-2015- La sal de la tierra

CINECLUBE PENSAMENTO E SEMENTEIRA

O Colectivo *PENSAMENTO E SEMENTEIRA* nace en Viveiro o 3 de abril de 2013.

Algunhas das persoas que fan parte da Comisión Xestora xa participaron nas actividades da Agrupación Cultural Sementeira (1972-2003) e outras que non tiñan pertencido a esa agrupación cultural constitúen o novo Colectivo que decide denominarse “Pensamento e Sementeira” rendendo así homenaxe á obra que, con ese título, recolle a produción xornalística do viveirés Antón Vilar Ponte.

Celebra a súa primeira Asemblea Xeral Extraordinaria onde elixe a primeira Xunta Directiva do Colectivo o 16 de xaneiro de 2014. Nesta mesma reunión decide organizar un cineclub e solicitar o ingreso na Federación Galega de Cineclubes.

As súas actividades a longo do 2015 son:

1.-Asemblea de carácter ordinario. 14 de xaneiro de 2015.

2.-Ciclo de cine: Palestina. Organizado en colaboración coa Fundación Araganey-Ponte de Culturas e o Festival Internacional de cine euroárabe Amal. As proxeccións tiveron lugar no Salón de Actos do IES María Sarmiento (Viveiro).

Este foi o programa:

28-01-2015- Eu son Gaza (Documental)

28-02-2015- Os nenos de Ibdaa (Curtametraxe)

11-02-2015-This is my Land Hebron (Documental)

11-02-2015-Gaza-Londres (Curtametraxe)

25-02- 2015-Jenin, Jenin (Documental)

25-02-2015-Lesh Sabreen? (Curtamentraxe)

11-03-2015-Shooting Muhammad"(Documental)

11-03-2015-Shwesh, shwwsh (Curtametraxe)

3.-Debate: Posíbeis intervencións no areal de Covas.

O colectivo organizou o primeiro debate do ano arredor das posíbeis intervencións no areal de Covas. O acto tivo lugar o 27 de febreiro, ás 20:30 horas na sala da planta baixa da Biblioteca Municipal, na Praza Maior.

No acto participaron as seguintes persoas:

-Andrés Díaz Ferro, capitán de pesca e Práctico do porto de Celeiro.

-Alexandre García, especialista en bioloxía mariña e vogal do Litoral de ADEGA e

-J. Pino, capitán de pesca

O acto contou, ademais, coa proxección de vídeos e fotografías que ilustraron sobre os cambios sufridos polo areal de Covas.

4.-Concerto con UXÍA & NARF: “Baladas da galiza imaxinaria”

O venres 27 de marzo Pensamento e Sementeira organizou no Teatro Pastor Díaz, en colaboración co Concello de Viveiro un concerto que contou coa participación da cantante Uxía Senlle e o compositor Fran Pérez NARF, dous dos artistas do panorama actual galego máis influentes e que máis pontes teñen forxado a través da música con creadores de outras partes do mundo, en especial cos países de lingua portuguesa.

Tras anos de viaxes e experiencias de intercambio con artistas de Mozambique, Angola, Brasil, Portugal, Cabo Verde, Guinea Bissau, Arxentina, Chile, Uruguai... tanto Uxía como Fran Pérez “NARF” foron construíndo os seus respectivos repertorios, xerando canción a canción, un pequeno ámbito de convivencia entre mundos culturais que nalgúns casos comparten a mesma orixe, e en todos a mesma paixón pola palabra cantada. Este lugar propicio para o encontro é o territorio da Galiza Imaxinaria, un espazo emocional sen fronteiras, con raíces profundas pero cos brazos abertos ao mundo de hoxe, un territorio que pertence por dereito a todo aquel que o queira transitar, e no que os rasgos de identidade presentes nas cancións, lonxe de ser barreiras, son portas de entrada.

Por primeira vez, UXÍA & NARF funden os seus repertorios nun espectáculo conxunto, man a man, e propoñen un concerto de formato intimista, no que convidan a coñecer as "Baladas da Galiza imaxinaria". Todas e cada unha destas cancións teñen unha historia detrás relacionada cunha viaxe, cun encontro e cunha experiencia vivida a través da música, e farán as delicias daqueles que, con espírito inqueda e aventureiro, as deixen entrar no seu corazón.

5.-Tertulia con imaxes dos vestixios do Mosteiro de San Miguel de Estabañón.

O sábado 18 de abril os mariñaos tiveron a oportunidade de coñecer máis datos arredor do mosteiro de San Miguel da Coelleira e tamén da vila asolagada de Estabañón. Foron Manuel Gago, xornalista cultural e profesor da USC, xunto co presidente da asociación sociocultural Mariña Patrimonio, Manuel Miranda, os protagonistas da tertulia convocada polo colectivo que se desenvolveu, dende as sete da tarde, na sala da planta baixa da Biblioteca Municipal de Viveiro.

Recentemente Manuel Miranda víñase preocupado sobre o futuro dos restos en Area-Faro e fixo pública a situación de precariedade na que se atopa este sitio arqueolóxico polo que, para o colectivo organizador desta tertulia, foi a persoa indicada para informar arredor da historia da vila asolagada de Estabañón.

Manuel Gago, despois da súa última visita á Coelleira, escribiu que esta illa “é unha das grandes fábricas de lendas de Galiza” sobre a que teñen escrito varios eruditos locais. Moitos mariñaos coñecen a lenda que fala do seu mosteiro templario. Aínda que entre o primeiro documento que se conserva do 1095 e os que volven aparecer, xa no XV, hai “un lapso misterioso de trescentos anos—di Gago—nos que non hai nin rastro da historia do Monteiro de San Miguel”.

Na última visita que Manuel Gago e Manuel Miranda de Mariña Patrimonio fixeron á Coelleira puideron comprobar que o mosteiro, “lonxe de ser un mito, existe, e segue en certo xeito en pé, mergullado en feitos”

A proxección das imaxes sobre os vestixios do mosteiro de San Miguel e tamén as dos restos descubertos polas últimas vagas de mar en Area, serviron para completar esta tertulia.

6.-O noso patrimonio marítimo e fluvial.

O Colectivo Pensamento e Sementeira programou para a segunda quincena de maio unhas xornadas arredor do patrimonio marítimo e fluvial. Esta actividade deu comezo o sábado 16 de maio coa inauguración da exposición “As embarcacións tradicionais do arco ártabro até Ribadeo” na sala de usos múltiples do Concello de Viveiro. Esta mostra estivo aberta até o 30 de maio

Dentro dos actos programados para estas xornadas estivo a Tertulia con Fran Fra, o único carpinteiro activo na comarca, o día 23 de maio.

7.-Pensamento e Sementeira denuncia o espolio do sitio arqueolóxico de Estabañón. 25 de xuño de 2015.

ADEGA, Mariña Patrimonio e Pensamento e Sementeira presentan no Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil unha denuncia polo posible espolio na vila romana de Estabañón, situada na praia da Area do concello de Viveiro. Unha vez máis, este importante sitio arqueolóxico foi vítima da acción irresponsable e ilegal dos “caza-tesouros” que, nesta ocasión, escavaron na zona en que o Servizo de Costas do Ministerio de Medio Ambiente realizou en 2007 unha cata arqueolóxica.

8.-Ciclo “Cine de humor”

11-11-2015- Crónicas diplomáticas

18-11-2015- Mi tío

25-11-2015- Tiempos modernos



**FEDERACIÓN DE
CINECLUBES
DE GALICIA**